



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Marzo 2026 • Nº 309

Vedra é Muller



MARZO

L	M	MC	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.



HORARIO DE ATENCIÓN:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e solicita que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.



Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha anomalía na iluminación pública municipal chama ao 699 304 702 para así poder arranxala.



INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE MES!!

■ Data para este servizo gratuíto polo que aposta o concello de Vedra.

- NO MES DE MARZO: O MARTES 17.

Obrigatorio asistir con cita previa.

Reservas no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 14:00 horas).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.



HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 13:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal



XXX XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA



Mesa redonda "Ideas para arranxos florais con camelias para exposición".



X Carreira por Montaña "A Camelia" co CDM Vértice.



Charla - Coloquio "Cultivo de camelias para a elaboración de té".



Obradoiro "Camelias de Papel".



Sesión de Radio co Programa Voluntariado Interxeracional.



Obradoiro creativo "Ornamentación con camelias".



Exposición XXX Xornadas da Camelia.



Inauguración das XXX Xornadas da Camelia.



Encontro Autocaravanas no marco das Xornadas Arredor da Camelia.



Actuación Escola Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra.



Espectáculo "Danzamos no verán" con Xoa Curiel. Actuación incluída no Programa Rede Cultural 2025.



Acto de entrega de agasallos de participación do Concurso de Debuxo da Camelia.



Cerimonia do té con Beatriz Piñeiro, Pazo Quinteiro da Cruz.



Concerto "XXX anos de Xornadas da Camelia" co grupo Misela.



Obradoiro creativo con camelia.



Momento da xornada, na carpa instalada na contorna do Pazo de Ortigueira.



ASÍ FOI MUNICIPAL



Baile de entroido para a 3ª Idade.



Sesión da Escola de Saúde do doutor veciño de San Fins Alberto Bolón Villaverde sobre "Dor Crónica".

ENTROIDO EN VEDRA



En San Miguel de Sarandón.



En Vilanova.



En San Xián.



En Trobe.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Festa da Cacheira en Vilanova.



Xantar de agradecemento ás persoas colaboradoras do Espazo Activo da Ulla- Pasabodeghas 2025.



EN MARZO... EN IRLANDA CON GABRIEL BARREIRO CARDAMA

■ **Protagonista:** Gabriel Barreiro Cardama, de Recarei (San Cristovo de Merín).

Destino: Irlanda.

Partida: Ano 2024.


Obxectivo ou motivo da partida:

Decidiuse a marchar para Irlanda para coñecer outra cultura, mellorar o seu inglés e seguir formándose como tatuador. Sempre tivo claro que quería ver como se vive noutros países mentres constrúe o seu camiño profesional.

Reflexión: “Para min isto non é unha parada puntual: a idea é seguir movéndome polo mundo. Estar estático facendo o que se supón que hai que facer paréceme, en certa maneira, sacrificar a oportunidade de descubrir todo o que o mundo ten para ofrecer. Movéndome intento escapar un pouco da “carreira da rata” e buscar unha

vida máis miña”.

Anécdota: Algo que sempre lle divirte é que ninguén en Irlanda entende por que, sendo de Espa-



ña, se decidiu a mudarse alí co mal clima que hai alí!

Información sobre a sección...

Cada mes contamos a historia de alguén de Vedra que vive, estuda, traballa, fóra do noso territorio.

Cóntanos a túa experiencia ou a de alguén que coñezas... para así coñecer e difundir máis experiencias de vedreses e vedresas polo mundo.

Esríbenos a cultura@concellodevedra.gal ou envía un whatsapp ao 663 893 398.



Cultura


PRESENTACIÓN DO LIBRO “SANSÓN, O ÚLTIMO SALMÓN” NAS ESCOLAS DE VEDRA

■ “Sansón, o último salmón” narra a vida dos salmóns en xeral, e as peripecias de Sansón en particular, dun xeito ameno e didáctico, invitando a reflexionar sobre como os seres humanos podemos alterar o ecosistema e destruír, coas nosas actitudes, este precioso planeta no que nos tocou vivir.

Pero ademais, *Sansón, o último salmón* serve para amosar a riqueza que representa manter vi-

vas as relacións interxeracionais xa que, da colaboración entre Ramón Blanco, mestre e escritor xubilado (veciño de San Xián de Sales), e a nova ilustradora Teresa Tato (veciña de San Miguel de Sarandón), xorde esta obra.

As presentacións realizaranse a primeira e segunda semana de marzo no CPI Plurilingüe de Vedra, CEIP Ortigueira e CRA Boqueixón-Vedra “Neira Vilas”.





XXX XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

■ Excursión – Saída a Salceda de Caselas o sábado 14 de marzo.

- Prezo: 30 € (inclúe transporte e comida).
- Prazas limitadas.
- Inscripcións en www.concellodevedra.gal
- Información no 981 814 691.



Excursión - saída a
Salceda de Caselas
Sábado, 14 de marzo

PROYECCIÓN DE CINE COA PELÍCULA “360 CURVAS”

■ Martes 3 de marzo ás 20:00 h. Centro Sociocultural de Vedra. (2025, Alejandro Gándara Porteiro, Arianda Silva Fernández).

360 curvas marcan a distancia que separa A Fonsagrada de Lugo. Este camiño longo, difícil e descendente entre montañas reflicte o declive dun lugar que, a comezos dos anos 90, decidiu loitar pola súa supervivencia.



EXPOSICIÓN “Las Chicas de Eli” DE CRISTINA CORRAL

■ Lugar: Sala de Ámbito Cultural do Corte Inglés.
Datas: Do 5 ao 31 de marzo.

Con motivo da conmemoración do Día da Muller a nosa veciña de San Xíán de Sales presentará a súa serie de 25 retratos de mulleres e nenas dedicada a Eli Notario.

Acto de inauguración: xoves 5 de marzo ás 19:30 horas. Presentación polo alcalde de Vedra, Carlos Martínez Carrillo.

EXPOSICIÓN DE PINTURA
Celebración con motivo del Día de la Mujer.



Del 5 al 31 de marzo
LAS CHICAS DE ELI
Por Cristina Corral.

El Corte Inglés de Santiago de Compostela
Planta Baja, Sala de Ámbito Cultural

**ÁMBITO
CULTURAL**
El Corte Inglés

Deporte



SENDEIRISMO O SÁBADO 21 DE MARZO

■ Etapa dende A Estrada a Rarís.

LUGARES E HORARIOS DE RECOLLIDA do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 07:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 07:40 horas.
- Parada no Breixo ás 07:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 07:55 horas.
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 horas.

Infórmate sobre esta actividade antes do 15 de marzo no teléfono 981 814 691.



FORMACIÓNS “COMPETENCIAS DIXITAIS” NA AULA CEMIT DE VEDRA

■ INSCRICIÓNS ATA O 27 DE MARZO. No QR da carteleira ou no teléfono 981 814 691.

■ Competencias dixitais e Trámites Dixitais e para + de 65 anos

Calendario: Os luns de 11:00 a 13:30 h. (6, 13, 20 e 27 de abril, 4, 11 e 25 de maio).



FORMACIÓN EN SAÚDE DIXITAL
PARA IDADES DE 65 ANOS EN DIANTE

CONCELLO DE VEDRA
Aula Cemit

INSCRICIÓN E INFORMACIÓN
ola@julianbravo.gal
981 xxx xxx
<https://forms.gle/as3zrgfdExQa3Xgp9>

DÍAS 13, 14 E 15 DE 9:00 A 11:30H

★ Autonomía Dixital: Os teus primeiros pasos para trámites e conexión dixital



CONCELLO DE VEDRA
Aula Cemit

INSCRICIÓN E INFORMACIÓN
ola@julianbravo.gal
981 xxx xxx
<https://forms.gle/as3zrgfdExQa3Xgp9>

DÍAS 13, 14 E 15 DE 11:35 A 14:05H

★ Competencias dixitais básicas

■ Intelixencia Artificial para a mocidade.

Calendario: Os luns pola tarde de 16:00 a 20:00 h. (13, 20 e 27 de abril, 4, 11 e 25 de maio).



CONCELLO DE VEDRA
Aula Cemit
13 de abril- 24 de abril
16:30 a 20:15h

INSCRICIÓN E INFORMACIÓN
<https://forms.gle/as3zrgfdExQa3Xgp9>
ola@julianbravo.gal ou teléfono do concello

PÍLULAS FORMATIVAS

- INTELIXENCIA ARTIFICIAL: COÑECE A UN NOVO ALIADO
- INTELIXENCIA ARTIFICIAL: APRENDE UNHA NOVA LINGUAXE "PROMPTING"
- INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A BUSQUEDA DE EMPREGO
- DOMINIO IA PARA MULTIPLICAR O TEU CONTIDO E MINIMIZAR O TEU ESFORZO
- CIBERSEGURIDADE PRÁCTICA: BLINDANDO A TUA VIDA DIXITAL

■ IA. Intelixencia Artificial para a cativada.

Calendario: os días 30 e 31 de marzo e 1 de abril en horario de 10:00 a 14:00 h. (Conciliación Semana Santa).



FORMACIÓN EN SAÚDE DIXITAL
PARA IDADES DENTE 7 ANOS A 17 ANOS

CONCELLO DE VEDRA
Aula Cemit

INSCRICIÓN E INFORMACIÓN
cultura@concellovededra.gal
981 814 691
<https://forms.gle/aEbFz8EspKzQesPX8>

**DÍAS 30 E 31 MARZO
1 ABRIL
HORARIO: 10:00 A 14:00H**

★ Intelixencia artificial: Aprende unha nova linguaxe Prompting.
★ Domina a IA para multiplicar o teu contido e minimizar o teu esforzo.

Xuventude

CURSO MONITORADO DE TEMPO LIBRE

■ Vedra oferta descontos para persoas empadroadas no noso Concello para realizar esta formación de 250 horas coa que obterás unha titulación homologada pola Xunta de Galicia.

- Datas do curso: Do 14 de marzo ao 12 de abril.

Infórmate no 981 814 691 ou en cultura@concellovededra.gal



Descontos para persoas empadroadas no concello

CURSO MONITORADO DE TEMPO LIBRE

INTERÉSACHE?

CONTACTA NO:
981814691
OU
cultura@concellovededra.gal

Datas: 14 de marzo ao 12 de abril
Festivos e fins de semana

REUNIÓN INFORMATIVA PARA O CAMPAMENTO XUVENIL – VIAXE DO VERÁN 2026

- Mércores 4 de marzo ás 20:30h.
- Centro Sociocultural de Vedra.
- Destinatarios/as: nados/as en 2008, 2009 e 2010.

Aberta a interesados/as e familias.

CENTRO DE EMPREDEMENTO A ESTACIÓN

■ Un espazo de traballo onde poder compartir o día a día con outras persoas promotoras. Contamos con salas de reunións e espazos para presentacións e para recibir a clientes ou provedores.

Tamén apoiamos os proxectos de emprendemento con formación e acompañamento. Formamos parte

da rede de espazos de coworking da Deputación de A Coruña e así tamén podes empregar os centros doutras localidades e ampliar a rede de contactos.

Se queres máis información podes contactar con nós no correo electrónico aestacion@concellodevedra.gal ¡gustaríanos coñecerte!

A Estación Centro de Emprendemento

A Estación de Vedra é un centro municipal de emprendemento, coworking e dinamización empresarial situado na antiga estación de tren de Vedra-Ribadulla e integrado na Rede Provincial de Espazos de Traballo da Deputación da Coruña.



Que ofrecemos?

Espazos de traballo

- **Coworking** no vagón: postos de traballo compartidos con conexión a internet, zona común e un ambiente colaborativo.
- **Sala polivalente** no edificio da estación: dispoñible para formacións, presentacións ou eventos de ata 25 persoas. Conta tamén cunha zona de descanso.
- **Nave multiusos** (antigo almacén): espazo amplo para eventos multitudinarios, feiras, congresos ou actividades abertas ao público.

Apoio ao emprendemento

- **Asesoramento individualizado** para persoas con ideas de negocio ou proxectos en marcha.
- **Mentoría especializada** en áreas clave: dixitalización, comunicación, xestión empresarial ou acceso a axudas.
- **Formación continua** mediante obradoiros, charlas e actividades prácticas.

Dinamización e networking

- **Xornadas e encontros** empresariais para favorecer a cooperación e crear sinerxías entre o tecido económico local e comarcal.
- **Presentación de servizos e produtos** das empresas ao público ou a outras empresas.
- **Rede de contactos** a través da guía de empresas de Vedra e da integración na Rede Provincial de Espazos de Traballo.

Servizos complementarios

- **Acompañamento** na procura de financiamento (axudas, subvencións, microcréditos, etc.).
- **Promoción e visibilidade** en canles dixitais e nas accións de comunicación da Estación.
- **Colaboración co Concello** e entidades locais para impulsar proxectos de interese comunitario.



Concello
de Vedra

»»»»»»»»»»»»»»»» *A Estación é máis que un edificio: é un punto de encontro do talento e das ideas en Vedra, ao servizo de quen quere crecer, innovar e cooperar.* ««««««««««««««««

Contacto: Galegos, 28 – Ribadulla – 15885 Vedra - aestacionvedra.gal - aestacion@concellodevedra.gal - 981 512 244

Servizos Sociais

ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**
Mércores 18 de marzo.

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 9 de marzo de xeito presencial no Centro Social. As prazas e nú-

mero de asento adxudicaránse por rigorosa orde de inscrición).

■ **Bingo**
Xoves 26 de marzo ás 20:00 h.



Reunión Voluntariado Interxeracional.



A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ABRE O SEU PRAZO DE SOLICITUDES PARA O CURSO 26-27

■ **Solicitudes:** Do 1 ao 31 de marzo.

Curso escolar: Do 1 de setembro ao 31 de xullo. O mes de agosto permanecerá pechada.

Documentación:

- **Alumnado de RENOVACIÓN:** Formulario de renovación da praza e declaración de IRPF do último exercicio fiscal de ambos proxenitores (IRPF 2024).
- **Alumnado de NOVO INGRESO:**
 - Formulario de solicitude de praza.
 - DNI de ambos proxenitores.
 - Libro de familia ou certificado de inscrición do nacemento no Rexistro Civil.
 - Declaración de IRPF do último exercicio fiscal de ambos proxenitores (IRPF 2024).
 - Acreditación da situación laboral de ambos proxenitores.
 - Certificado de padrón colectivo, para familias empadroadas noutro concello.
 - Título de familia numerosa.
 - Título de familia monoparental.
 - Sentenza de separación, divorcio ou nulidade e documento convenio regulador.
 - Xustificante de circunstancias especiais ou excepcionais.

Baremo:

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación. Atenderanse as solicitudes coa seguinte orde de prioridade:

- Menores con irmáns e irmás na escola infantil.
- Fillos/as dos/as traballadores/as da escola infantil municipal.
- Fillos/as de empregados municipais do concello de Vedra.

- Solicitantes de unidades familiares empadroadas no concello de Vedra, que consten inscritos no padrón municipal de habitantes, con data anterior ao 1 de xaneiro do ano no que se solicita a praza.
- Solicitantes de unidades familiares que, estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo nunha empresa con sede social ou órgano de administración no concello de Vedra.
- De existiren prazas vacantes, poderán acceder persoas doutros concellos, sempre e cando acrediten ter quedados excluídos das listas de admitidos/excluídos do seu concello ou que o seu concello non dispoña do servizo.

En cada un dos apartados anteriores as solicitudes serán ordenadas de acordo co baremo establecido. Aplicarase o mesmo baremo que o aprobado e publicado cada ano pola Xunta de Galicia para as escolas infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Rede de escolas infantís da Galiña Azul).

Lugares de presentación das solicitudes:

- Sede electrónica do concello de Vedra: <https://sede.vedra.es/sxc/gl/>
- Presencialmente, no Rexistro xeral do concello de Vedra, en horario de 9:00 a 14:00 horas.
- En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 (PACAP)

Máis información:

- Regulamento de réxime interno (BOP A Coruña núm. 249, do 27.12.2024)
- Ordenanza fiscal (BOP A Coruña núm. 36, do 24.02.2021 e núm. 185, do 25.09.2024).
- Departamento de servizos sociais comunitarios: 981 81 46 93.

LUDOTECA

■ Tendo como base das nosas actividades o Programa Corresponsables, no que o desenvolvemento da igualdade e a conciliación é o punto de referencia, no mes de marzo co gallo do Día internacional da muller centraremos na análise de estereotipos, a través de distintas dinámicas ademais da realización de distintos talleres e obradoiros en favor da igualdade.

- Obradoiro emocional: “somos iguais pero diferentes” 8M.
- Miúdos/as artistas.
- Compañeiros/as de xogo: xogo en gran grupo.
- Superchef, taller de cociña igualitario.
- Experimentos divertidos.

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

- **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.
- **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693

NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.



Muller

VEDRA É MULLER

■ O Día Internacional da Muller, 8 marzo, é unha data que se celebra en todo o mundo. Un día no que as mulleres de todos os continentes, a miúdo separadas por fronteiras nacionais e diferenzas étnicas, lingüísticas, culturais, económicas e políticas, únense para gritar en prol da igualdade, a xustiza, a paz e o desenvolvemento.

Neste sentido, desde a Concellaría de igualdade trabállase por lograr a igualdade e a emancipación das mulleres no concello, unha igualdade que sexa efectiva e real. Un traballo que se desenvolve ao longo de todo o ano.

Cada ano realízanse diversos actos de sensibilización ao redor do Día Internacional da Muller, 8 de marzo, sobre a desigualdade que sofren as mulleres.

Algunhas das actividades que se realizarán no mes de marzo:

■ IV Andaina no camiño da Igualdade DOMINGO 8 DE MARZO

Punto de inicio e final A Casa Consistorial de Touro (percorrido circular).

Inscrición gratuíta. A través de formulario habilitado na web municipal ou no QR do Cartel



INSCRIPCIÓN GRATUÍTA - ATA O 2 DE MARZO - PRAZAS LIMITADAS



A través de formulario web ou nos teléfonos:

Boqueixón- 981513106 Touro- 981504029 Vedra- 699041486

Terán preferencia as persoas empadroadas nos concellos organizadores

Inclúe agasallo e bocadillo!



■ Plantación institucional dunha camelia.

- Data: 7 de marzo ás 11:00 h.
- Lugar: na contorna da escola no Campo da Festa de San Mamede de Ribadulla.

■ ACTO DE RECOÑECIMENTO "VEDRA É MULLER" adicado a LIDIA MACEIRA BREA, primeira funcionaria na administración local do concello de Vedra.

- Data: O SÁBADO 7 DE MARZO ÁS 12:00 HORAS.
- Lugar: O Centro Socio Cultural de Vedra.

Para finalizar o acto farase a lectura da Declaración institucional (dispoñible na web municipal)

Para máis información:

carmen.sabio@concellodevedra.gal

Tel. 699 041 486

ou 981 814 693

de 9:00 a 14.00 h.



Concello de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero



ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS TEATROFILIA 2026 DO 6 AO 28 DE MARZO

■ XXI Mostra de Teatro Amador de Vedra coa Asociación Cultural Papaventos.

- **Lugar:** Centro Social de Vedra.
- **Prezos:** Entrada por función 3 €.
 - Bonos para todas as funcións 10 €.
 - Cativada menor de 12 anos gratis.



ASOCIACIÓN DA TERCEIRA IDADE “O BURGO”

■ Programación de actividades para marzo:

BAILE EN LIÑA: Todos os mércores, de 17:00 a 18:00 h, na Casa de Cruza.

EXCURSIÓN A LISBOA do 19 ao 22 de marzo, excursión a Lisboa, con visitas a Lisboa, Sintra, Cascais, Estoril e Fátima.

Información e inscricións no teléfono 639 811 666.



CLUB OLÍMPICO XI DÚATLON VEDRA 2026 O 14 DE MARZO



AVISO DE CORTES DE TRÁFICO:

OLLO!! Obtendo o informe favorable da Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña o sábado 14 de marzo, entre as 14:30 e as 19:30 horas as seguintes estradas do concello estarán cortadas ao tráfico: Vías afectadas: DP-8203 dende Trobe á Avda. Mestre Manuel Gómez (núcleo urbano) ata o Terrón (cruce coa L-45) e dende aí por esa estrada local L-45 ata o lugar de Cornado – San Fins de Sales.

LAONADA COA COMISIÓN DE FESTEXOS DE SAN PEDRO DE SARANDÓN DOMINGO 15 DE MARZO ÁS 14:00 HORAS

Xantar co seguinte menú: lacón, panceta, cacheira, grelos, filloas, bebidas, sobremesas, café e queimada...



Prezo: 30 euros persoa. Nenos ata dez anos de balde.

Reserva necesaria:

- Membros da comisión de festas.
- Telefónos: 619 020 034 (Manolo) ou 618 716 279 (Luis)
- Data límite: 10 de marzo de 2026

Organiza: Asociación de Festexos A Concepción de San Pedro de Sarandón (Vedra)



E EN ABRIL... XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO con motivo da XLIV Exaltación do Viño da Ulla – 2026. Casa de cultura de San Miguel de Sarandón – Vedra

■ Obxectivos:

- Promover un espazo de encontro, divulgación e formación para os consumidores e para os viticultores da zona.
- Poñer en valor a cultura do viño.
- Promocionar os viños da Subzona Ribeira do Ulla da D.O. Rías Baixas.
- Fomentar o desenvolvemento do territorio.

PROGRAMA:

Mércores 8 de abril ás 20:00 h.

Conferencia: “Oportunidades de aplicación da dixitalización e automatización na viticultura e adegas da Ribeira do Ulla”

Intervén: Miguel Tubío Fernández (Director Técnico do Grupo Martín Códax)

Xoves 9 de abril ás 17:00 h.

Saída de campo:

Visita á Adega Pazo de Rubianes.

Coñecemento do seu proxecto vitivinícola e enoturístico (Adega “Boutique”).

Venres 10 de abril ás 20:00 h.

Harmonía: viño e tapas.

Cata sorpresa, con maridaxe de viños e conservas de pescados e mariscos de ANFACO-CYTMA

Intervén: Nacho Costoya (Sumiller)

Organiza a Comisión Organizadora da Exaltación do Viño da Ulla en colaboración co GDR Terras de Compostela e o concello de Vedra. Inscripcións e + información en www.concellodevedra.gal, a partir do 18 de marzo.



Parabéns

A HERMINDA DE LA IGLESIA TATO

■ A nova centenaria vedresa, veciña do lugar de Xián en San Pedro de Sarandón, que celebrou coa súa familia máis achegada a cifra dos 100 anos tan difícil de acadar.


Felicidades!!



A ÓSCAR CONSTENLA JUNQUERA

■ Por correr e finalizar a Maratón de Sevilla aos 70 anos!!

Demostrando que os retos e a superación persoal non coñecen idade.



**DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS**